



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Anuncio de aprobación de modificación de bases e convocatoria de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña

ANUNCIO

Por Decreto da Presidencia núm. 31/2026 de 20/01/2026 aprobose a modificación das bases e convocatoria do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo), incluídas como prazas de acceso libre na Oferta de Emprego Público do ano 2025 (Diario Oficial de Galicia, número 188, do 30 de setembro de 2025),

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE.

«DECRETO DA PRESIDENCIA

(...)

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, D. Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe emitido pola Xerencia de data 20.01.2026, do seguinte teor literal:

«(...)INFORME

ANTECEDENTES

Por Decreto da Presidencia núm. 495/2025 de 05/11/2025 aprobose a convocatoria do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo), incluídas como prazas de acceso libre na Oferta de Emprego Público do ano 2025 (Diario Oficial de Galicia, número 188, do 30 de setembro de 2025), así como as bases que rexerán a citada convocatoria.

Publicación convocatoria e bases reguladoras do procedemento de provisión mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo) BOP N°216 de 11.11.2025

Publicación convocatoria do procedemento de provisión mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo) DOG N°225 de 20.11.2025

Publicación convocatoria do procedemento de provisión mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo) BOE N°288 de 01.12.2025

Recurso de reposición de data 11.12.2025 presentado por D. David Marcos López Barbero contra as bases do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo), con núm. de rexistro de entrada 2025999000001159. Estimado parcialmente por Decreto da Presidencia núm.20/2026 de data 19.01.2026 nos seguintes termos:

«(...)RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D David Marcos López Barbero contra as bases do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo), coa fundamentación reflectida anteriormente.

SEGUNDA.- Modificar as bases do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo) polo que se refire a base VII .2.1, incluíndo os Servizos municipais de emerxencias e protección civil

TERCEIRO.- Apertura dun novo prazo de presentación de instancias de 5 días a partir do anuncio da modificación das bases no BOE

CUARTO.- Notificar ao interesado.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse directamente, no prazo de 2 meses, recurso contencioso-administrativo con arreglo o sinalado nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Ley 29/1998 do 13 de Xulio, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.»

Por todo o anterior e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta no seus mesmos termos.»

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Atendendo á Resolución da Presidencia núm.20/2026 de data 19.01.2026 propónse a modificación das bases do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo) polo que se refire a base VII .2.1 incluíndo os Servizos municipais de emerxencias e protección civil, quedando redactada como sigue:

VII.2.1 EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 23 puntos)

VII.2.1.1 Experiencia profesional como bombeiro/a en a Administración Pública (Máximo 12 puntos)

a.- Valorarase con 0,20 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a, nos cinco anos naturais anteriores a esta convocatoria, xa sexa funcionario ou persoal laboral, en corpos de bombeiro/a pertencentes a calquera Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento.

b.- Valorarase con 0,10 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a, nos cinco anos anteriores a esta convocatoria, xa sexa funcionario ou persoal laboral, en corpos de bombeiro/a pertencentes a calquera Administración Pública.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizado.

Acreditación:

a) Certificado de prestación de servizos na Administración correspondente, no posto de bombeiro/a, onde figure o tempo de prestación de servizos, acompañado da vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade Social.

b) Unicamente valorarase a experiencia en corpos de bombeiros/as con esta denominación (bombeiro/a, bombeiro/a-condutor/a, xefe dotación ou sarxento).

c) Non se valorará a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas ás de bombeiro (oficial GES, oficial/capataz GRUMIR, traballador forestal e do medio ambiente, peón ou similares).

d) Para a determinación das entidades que teñen a consideración de Administración Pública estarase ao establecido no artigo 2.3 tanto da LPAC, como na LRXSP

VII.2.1.2 Experiencia profesional como bombeiro/a en empresas privadas (Máximo 6 puntos)

a.- Valorarase con 0,10 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a en empresas privadas que prestasen servizo en organismos públicos, dentro dos doce anos anteriores á presente convocatoria.

b.- Valorarase con 0,05 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a en empresas privadas, dentro dos doce anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizado.

Acreditación:

a) Contrato de traballo, nóminas, certificado de empresa ou calquera outro documento expedido pola empresa que permita acreditar que desempeñou o posto de traballo de bombeiro/a, acompañado da vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) Unicamente valorarase a experiencia en corpos de bombeiros/as que teñan esta denominación (bombeiro/a, bombeiro/a-condutor/a, xefe de dotación ou sarxento).

VII.2.1.3 Experiencia profesional como empregado dun Servizo de Emerxencias Supramunicipal ou Servizo Municipal de Emerxencias e Protección civil (Máximo 3 puntos)

a.- Valorarase con 0,05 puntos por mes completo traballado nun Servizo de Emerxencias Supramunicipal, dentro dos cinco anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizado.

Acreditación:

- a) Certificado de prestación de servizos como persoal do Servizo de Emerxencias expedido polo concello do que se trate, acompañada de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - b) Unicamente valorarase a experiencia en servizos que teñan a denominación de Servizo Emerxencias Supramunicipal.
 - c) Non se valorará a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas.
 - d) Non se valorarán os servizos prestados noutras Comunidades Autónomas.
- b.- Valorarase con 0,05 puntos por mes completo traballado nun Servizo Municipal de Emerxencias e Protección civil, dentro dos cinco anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizado.

Acreditación:

- a) Certificado de prestación de servizos como persoal do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección civil expedido polo concello do que se trate, acompañada de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Unicamente valorarase a experiencia en servizos que teñan a denominación de Servizo Municipal de Emerxencias e Protección civil.
- c) Non se valorará a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas.
- d) Non se valorarán os servizos prestados noutras Comunidades Autónomas.

VII.2.1.5 Experiencia como voluntario/a rexistrado/a en unha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada (Máximo 2 puntos):

(En aplicación do disposto na Lei 5/2007, terase en conta o tempo de prestación de servizos a partir dun ano como voluntario/a rexistrado/a en unha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada segundo establécese no Decreto 56/2000, do 3 de marzo ou no servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia)

Valorarase con 0,05 por cada mes completo de servizos prestados como voluntario/a de protección civil, debidamente acreditado, contado a partir dun ano de prestación de servizos, e dentro dos cinco anos anteriores á presente convocatoria.

Acreditación:

- a) Certificado que acredite estar rexistrado/a en o rexistro oficial de persoas voluntarias de protección civil da correspondente Comunidade Autónoma e realizar o curso básico de protección civil, no que conste a data desde a cal está inscrito/a como voluntario/a e a data na que realizou o curso.
- b) Unicamente valoraranse os servizos prestados en agrupacións de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistradas. Non se valorarán os servizos prestados noutro tipo de agrupacións.
- c) Unicamente valoraranse os certificados expedidos pola Comunidade Autónoma e Concellos, non sendo válidos os das agrupacións de voluntarios/as de protección civil.

Así mesmo dado que a modificación de méritos, supón unha modificación substancial das bases e tendo en conta que non se fai necesaria unha nova presentación de solicitudes para os aspirantes que xa a presentaron, posto que a achega de méritos non é un requisito da fase inicial de solicitudes, propónse a Presidencia a apertura dun **novo prazo de presentación de instancias de 5 días a partir do anuncio da modificación das bases no BOE**, para garantir a posibilidade de novas solicitudes en base a esta modificación.

Exposto o anterior, ao abeiro do disposto no artigo 16 dos Estatutos reguladores do Consorcio, propónse á Presidencia do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña a adopción da seguinte resolución:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.-Modificar as bases do procedemento para a provisión, mediante concurso-oposición libre, de (42) prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (persoal laboral fixo) polo que se refire a base VII .2.1 incluíndo aos Servizos municipais de emerxencias e protección civil, conforme a redacción exposta no corpo deste informe.

SEGUNDA.-Publicar a presente resolución de modificación de bases, sendo o resto das mesmas as publicadas no BOP Nº 216 de 11.11.2025, publicándose no BOP da Coruña e extracto no DOG e no BOE, paxina web e sede electrónica do

Consortio, aos efectos de publicidade, para coñecemento xeral, abrindo prazo de presentación de novas solicitudes de 5 días hábiles a partir da publicación do extracto no BOE.

Logo de ver os antecedentes e a documentación obrante no expediente, de conformidade co disposto polo art.14 dos estatutos deste Consorcio en relación co art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, arts. 61.1 Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes que foran de aplicación, mediante o presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. – Aprobar a proposta nos seus mesmo termos.(...)»

En Carballo, a 20 de Xaneiro de 2026

O presidente.

Asdo.-Valentín González Formoso

2026/330